



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCCIÓN DE TRES NOVAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS.

“OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIACIÓN 100% NO MARCO DO EIXO REACT -UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPONSA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA COVID-19”

1.- Antecedentes.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas, segundo o artigo 1 do Decreto 42/2019, de 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a súa estrutura orgánica, as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático en virtude do artigo 10 do referido Decreto, exercerá entre outras, diversas atribucións na materia de planificación e control da xestión de residuos.

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (en diante, SOGAMA), empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 111/1992 do 11 de abril do Consello da Xunta de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións de acordo co artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia :

- A xestión de residuos domésticos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia, coas consecuentes operacións de transporte, almacenaxe, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado de residuos.
- A xestión daqueles outros residuos que figuren no seu obxecto social.
- A realización de accións para a mellora da xestión e prevención de residuos, incluídas as actuacións de formación e sensibilización.
- Calquera outra que lle sexa atribuída e teña relación co seu obxecto social.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Cabe salientar que SOGAMA está xestionando, actualmente, a planta de residuos biolóxicos existente en Cerceda (A Coruña) para o tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU) e considérase a construción de tres novas instalacións destinadas ó tratamento e á elaboración dun compost a partir da recollida selectiva dos residuos FORSU nos concellos para dar cumprimento aos obxectivos das Directivas europeas que regulan a materia.

Así a Directiva 2008/98/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 19 de novembro, sobre residuos, modificada pola Directiva UE 2018/851 do Parlamento europeo e do Consello de 30 de maio, establece nos seus considerandos que, coa finalidade de que a Comunidade no seu conxunto poida ser autosuficiente na eliminación de residuos e valorización de residuos urbanos mesturados recollidos nos fogares privados será necesario prever unha rede de cooperación na materia de instalacións de eliminación e instalacións de valorización de residuos urbanos mesturados, recollidos nos fogares privados.

En concordancia coa xerarquía de residuos, e co obxecto de reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro orixinados pola eliminación de residuos nos vertedoiros, é importante facilitar a recollida separada e o tratamento axeitado dos residuos biolóxicos.

Segundo o artigo 16 da Directiva 2008/98/CE do Parlamento e do Consello, do 19 de Novembro de 2008, modificada pola Directiva UE 2018/851 do Parlamento e do Consello de 30 de Maio de 2018, que se refire a os principios de proximidade e autosuficiencia, os Estados membros tomarán as medidas oportunas na cooperación cos demais Estados membros, cando sexa necesario, para establecer unha rede integrada e axeitada de instalacións de eliminación de residuos e de instalacións para a valorización de residuos municipais mesturados e recollidos nos fogares privados, mesmo cando a recollida tamén abarque tales residuos procedentes de outros produtores. A rede deberá permitir a eliminación dos residuos ou a valorización dos mesmos nunha das instalacións axeitadas máis próximas mediante a utilización das tecnoloxías e métodos máis axeitados para asegurar unha elevada protección do medio ambiente e a saúde públicas.

No caso particular dos residuos biolóxicos, o artigo 22 da Directiva 2008/98 CE foi substituído polo artigo 22 da Directiva UE 2018/851 do Parlamento e do Consello de 30 de Maio de 2018, no que se indica que os Estados membros adoitarán as medidas para incentivar o reciclado, incluída a compostaxe e dixestato dos residuos biolóxicos dunha forma que asegure un alto nivel de protección medioambiental.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

2.- Obxectivos que se pretenden.

A actuación obxecto da subvención constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con SOGAMA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

O obxecto deste convenio é o de establecer as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a Sogama para as actuacións no tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU), financiando a construción de tres instalacións en Cervo (Lugo), Verín (Ourense) e Vilanova de Arousa (Pontevedra) destinadas á elaboración dun compost a partir da recollida selectiva dos residuos FORSU nos Concellos. Estas plantas únense á actual de tratamento de biorresiduos en Cerceda (A Coruña).

Así mesmo instrumenta a concesión dunha subvención directa por razóns de interese público, social e económico de acordo cos artigos 26 de la Lei de Subvencións de Galicia e o 70 de la Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo tanto, ten o carácter de bases reguladoras da subvención.

3.- Fundamentos do instrumento convencional.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Lei 26/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, en concreto o seu artigo 25 que desenvolve as funcións de SOGAMA, e o Plan de Xestión de Residuos urbanos de Galicia 2010-2020.
- O Regulamento 1303/2013, de 17 de decembro, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de pesca, e se deroga o Regulamento (CE) nº1083/2006 do Consello, e ao Regulamento Delegado (UE)480/2014 da Comisión, do 3 de marzo de 2014, que o complementa.
- O Regulamento 2020/2021 do Parlamento europeo e do Consello de 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento 1301/2013, no que respecta aos recursos adicionais e as disposicións de execución a fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da Covid-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT-UE) como resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19 e conforme ao Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Concretamente, encaixa na liña de actuación para





mellora no tratamento de residuos e aproveitamento de biorresiduos, categoría de Intervención 017: Xestión de residuos domésticos (incluíndo medidas de minimización, separación e reciclaxe).

- O Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que no seu artigo 107 contempla unha serie de excepcións para os casos en que axudas outorgadas polos Estados a determinadas empresas non se consideran axudas de Estado ao non supoñer un falseamento da competencia nin afectar a intercambios comerciais entre Estados membros.
- A orde HPF/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos elixibles dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020. Modificada pola Orden HAC/114/2021, de 5 de febreiro.
- A Lei 9/2007, de 9 de xuño de subvencións de Galicia, que reflicte nos seus artigos 19.4.c e 26.1 as condicións das subvencións directas por razóns de interese público e social ao igual que a forma de instrumentalas, así como o artigo 22.c da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. O Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da referida Lei de subvencións de Galicia.
- A Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que no seu artigo 70 fai referencia á concesión de subvencións directas.
- A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.
- O artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 de 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios de la Xunta de Galicia (DOG núm.149 de 3 de agosto) no referido á publicidade.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas que puideran presentarse.



**4.- Estimación de custos e financiamento.**

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a vinte e oito millóns cincuenta e seis mil setecentos sesenta euros con vinte e oito céntimos (28.056.760,28 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:

ANO	SOGAMA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
2021	6.623.216,97 €	5.000.000,00 €
2022	21.521.543,87 €	20.000.000,00 €
TOTAL	28.144.760,84 €	25.000.000,00 €

O valor do investimento de SOGAMA non inclúe o IVE.

Para financiar a súa achega a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dispón dun crédito suficiente e axeitado na aplicación orzamentaria 08.02.541.D.741.02 do proxecto 2021 00039 "Construción de novas plantas de biorresiduos".

A forma de pago realizarase mediante pagos, que poderán ser a conta, segundo o estipulado no artigo 62.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia tras a presentación das facturas parciais e/ou, de ser el caso, certificacións de obra, respondendo ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen perxuízo da xustificación contemplada na cláusula oitava deste convenio á finalización do prazo de execución.

Ao amparo do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagos a conta poderá chegar como máximo ata o límite do 90 % do importe da subvención. Os importes non aboados mediante pagos a conta abonaránse, de ser o caso, trala xustificación de cada anualidade conforme á cláusula oitava do convenio.

Así mesmo, non será necesario que SOGAMA presente as garantías contempladas no artigo 67 do Regulamento de conformidade co artigo 65.4 de dita norma.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

A contemplación deste requisito débese a aportar pagos periódicos á empresa para así non mermar a súa estabilidade financeira por tratarse dun importe elevado.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

María Sagrario Pérez Castellanos.

